

PLAN DE RECUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES IES BRIÓN 2021-22

PENDENTES DEPARTAMENTO FÍSICA E QUÍMICA

O plan de traballo consiste no seguinte:

Realización de exercicios: entregaráselles aos alumnos dous boletíns de actividades, un no mes de outubro e outro no mes de xaneiro. As actividades deberán ser realizadas e entregadas nas datas acordadas. A entrega destes boletíns ten unha dobre finalidade por unha parte axudalos a preparar os exames e por outra axudarlles a acadar o 5 necesario, xa que se os boletíns son entregados e están ben feitos poden supoñer ata un 20% da nota (un máximo de 2 puntos).

Se calquera alumno ten dúbidas na resolución dos exercicios poderán concertar unha cita coa profesora encargada do seu seguimento (Noela Vallejo).

Se a profesora dubida se os exercicios foron feitos polos alumnos, poderá falar con eles e preguntarlles sobre os mesmos, de corroborar as súas sospeitas os boletíns serán cualificados cun 0.

Probas escritas: teñen un peso dun 80%. Ao alumnado faráselle dúas probas unha en xaneiro e outra polo mes de maio, no de xaneiro irá coa metade da materia, na de maio irá coa segunda metade (se xa aprobou en xaneiro) ou coa totalidade no caso de non ter superado a proba de xaneiro. A materia queda aprobada se a media aritmética dos dous parciais, tendo en conta que ponderan un 80%, xunto cos boletíns é igual ou superior a cinco. Deste xeito a nota calcularase seguindo a ecuación:

Nota aval. ordinaria = $0,8(\text{Ex primeiro} + \text{Ex segundo})/2 + 0,2 \text{ Nota media Boletíns}$

No mes de xuño terá a proba da avaliación extraordinaria. Neste caso a nota será unicamente a obtida no exame.

Nota avaliación extraordinaria = Nota exame extraordinario

As datas de todas estas probas serán expostas no taboleiro de anuncios correspondente."

Para a alumna que ten pendente a física e química de 1º de **bacharelato**, imos levar a cabo o seguinte plan:

Neste nivel educativo non se contempla a realización de actividades de reforzo específicas para o alumnado coa materia pendente. Deberán ser eles individualmente quenes realicen o repaso da materia. Se ben, poderán consultar coa xefa do departamento calquera dúbida que puidera xurdirlles en dito repaso e/ou solicitarlle material a maiores do que xa teñen no libro de texto.

Realizaranse 2 exames da materia, un a inicios do segundo trimestre e outro inicios do terceiro. A materia dividirase en dúas partes de semellante dificultade: unha parte de Química (unidades da 1-6 do libro) e outra de Física (unidades 7-12 do libro); sendo a cualificación final a media aritmética de ámbalas dúas probas sempre que se cumpra o

mínimo de ter 3 puntos sobre 10 en cada unha delas. Considerase recuperada a materia pendente sempre que a media sexa igual ou superior a 5 puntos."

Están creadas aulas virtuais para o alumnado da ESO, a través delas poden consultar dúbidas ou concertar unha cita.

PENDENTES DEPARTAMENTO FRANCÉS

1) Posibilidade: traballo+proba escrita

- Dossiers de actividades para facer ao longo do primeiro trimestre(40% da nota)
 - Unha proba escrita no mes de febreiro (60% da nota)
- Os dossiers de actividades poderán ser entregados ata a data límite que aparecerá nos mesmos. En ningún caso se recollerán con data posterior á indicada.

2) Posibilidade: proba extraordinaria no mes de maio

- Ademais das actividades impresas todo o alumnado con esta materia pendente estará matriculado no curso pendente con actividades de práctica e reforzo da materia e terá á súa disposición o material de reforzo seleccionado na páxina do departamento

PENDENTES DEPARTAMENTO BIOLOXÍA-XEOLOXÍA

Os alumnos con pendentes de Bioloxía e Xeoloxía teñen a súa propia aula virtual na que esta colgado un boletín de actividades que deberan entregar ben a través da propia aula virtual ou ben por escrito con anterioridade a realización do exame que terá lugar no mes de Febreiro. As preguntas de dito exame saíran de dito cuaderno de actividades.

A nota correspondera:

50% ao boletín de actividades

50% a proba escrita realizada en Febreiro

Para superar a asignatura en Febreiro será imprescindible a entrega do boletín de actividades.

En caso de non superar a asignatura nesa data farase un exame no mes de Maio cuxa nota correspondera no 100% o realizado en dito exame.

PENDENTES LINGUA GALEGA

Na Programación Didáctica só se recolle que haberá dous exames, un arredor de xaneiro e outro coincidindo coa data do exame oficial (maio). O primeiro exame versará sobre a primeira metade dos contidos de cada curso, de maneira que, as persoas que aproben esa proba, só terían que superar na convocatoria oficial os contidos correspondentes á segunda metade. Aquelas persoas que, ou ben non se presenten, ou ben non superen a primeira proba, deberán superar na convocatoria oficial todos os contidos do curso.

Non obstante, aínda que na programación non figura nada ao respecto, dende o

departamento imos preparar uns pequenos boletíns que entregaremos antes do Nadal para que poidan preparar a materia, e que incluírán exercicios do mesmo tipo dos que se van empregar nos exames.

PENDENTES DEPARTAMENTO INGLÉS

1) Aprobando o curso actual apróbase automáticamente a materia pendente.

2) Realizaranse dúas probas para recuperar o inglés pendente. Se superan a primeira proba, xa non terán que presentarse á segunda. Estas probas suporán un porcentaxe da nota que varía segundo o curso. Para o porcentaxe restante da nota (“avaliación continua”) avaliarase o traballo do/a alumno/a no curso actual.

As porcentaxes por curso para calcular a nota son as seguintes:

	1º ESO	2º ESO	3º ESO	1º BACH
Avaliación continua	50%	40%	20%	10%
Proba	50%	60%	80%	90%

A programación contempla tamén a realización dunha proba extraordinaria de recuperación de pendentes, que se manterá de non cambia-la lei de educación. Na convocatoria extraordinaria, a proba suporá o 100% da nota.

Material de reforzo para alumnos con inglés pendente:

O material de reforzo para estes alumnos atópase na aula virtual, aberta a todos. Este material poderá ser realizado polo alumnado e entregado ás súas profesoras de inglés actuais para revisión.

PENDENTES DEPARTAMENTO LINGUA CASTELÁ

El procedimiento de evaluación de la materia pendiente de Lengua Castellana durante el curso 2021-22 seguirá siendo el habitual en los últimos cursos, salvo las modificaciones derivadas de la situación excepcional pandémica del curso 2019-20.

La evaluación de alumnos con la asignatura pendiente del curso anterior estará a cargo del profesor o profesora que les imparte clase en el curso actual, quien revisará las actividades propuestas y corregirá la prueba global.

Las actividades se publicarán en un curso específico dentro del aula virtual, en la sección del departamento. También se entregarán en papel al alumnado indicando los plazos de entrega.

La calificación de las actividades entregadas y realizadas de forma correcta supondrá la suma de hasta dos puntos en la calificación final.

Complementariamente, para poder superar la asignatura pendiente, los alumnos deberán aprobar una de las dos pruebas de contenido global que se establezcan. Su calificación será sobre 10 puntos y su contenido estará directamente relacionado con las actividades de recuperación.

La primera prueba se realizará en el mes de febrero (en los 15 primeros días por acuerdo de la Comisión de Coordinación Pedagógica) y la segunda en el mes de mayo. Quien apruebe la primera no tendrá que presentarse a la segunda.

El alumnado que no supere ninguna de las dos deberá presentarse a la convocatoria extraordinaria de septiembre.

PENDENTES DEPARTAMENTO GEOGRAFÍA E HISTORIA

O departamento de CCSS do IES Brion establece o seguinte plan de traballo para o alumnado con materias pendentes:

- O departamento fará un seguimento do alumnado con materias pendentes baixo a coordinación do xefe do Departamento.
- Os alumnos entregarán un boletín de exercicios que se lles proporcionará o comenzo do curso e que consta de dúas partes: unha primeira para entregar no mes de xaneiro e unha segunda parte para entregar a comenzos de maio.
- Os mínimos exixibles para o alumnado de pendentes na ESO estarán baseados nos contidos mínimos da materia, que o profesorado encargado de avaliar e facer o seguimento de pendentes lle comunicará ao alumnado interesado.

Os boletíns de exercicios suporán o 50% da cualificación. O outro 50% dependerá da cualificación dos dous exames que sobre os contidos dos boletíns realizará o alumno en xaneiro e en maio. No caso de non acadar o aprobado na convocatoria ordinaria de xuño, o alumnado deberá facer un exame final nas datas que se establezan para a realización das probas extraordinarias no mesmo mes de xuño.

En caso de ensino non presencial, o seguimento dos alumnos con materias pendente farase na aula virtual.

PENDENTES DEPARTAMENTO MATEMÁTICAS

A través da Aula Virtual os alumnos/as con materias pendentes teñen colgadas uns boletíns de exercicios e co prazo de entrega indicado.

A primeira data de entrega é a finais de xaneiro (o día 28)

A segunda data de entrega é a mediados de abril (aínda por determinar)

Exames

Despois da primeira entrega farase un *examen parcial* a mediados de febreiro dos contidos dese 1^{er} boletín.

En maio no *examen oficial* de recuperación de pendentes o alumnado examínase de todos os contidos do curso (se non a probou o parcial) ou só da segunda parte se xa aprobou o primeiro examen, resultando como nota final a media de ambos exames.

DATA	TAREFA	Observación
Ata 28/01/2021	Entrega de 1ª parte exercicios	
Mediados de febreiro	Examen parcial deses contidos da 1ª parte	
Mediados de Abril	Entrega 2ª parte exercicios	
Maio	Examen final. (todo o curso)	Se tivera a primeira parte aprobada só tería que facer examen da 2ª parte, quedando como nota final a nota media de ambos exames

Por outra parte aqueles alumnos que aproben as **dúas primeiras avaliacións do curso que están cursando actualmente** (curso inmediatamente superior) quedan exentos de se ter que presentar ó examen final , quedando aprobados da materia pendente **con nota de 5**. Se quixeran aspirar a unha nota superior a 5 deberán presentarse a ditos exames.

PENDENTES DEPARTAMENTO ECONOMÍA

O departamento de ECONOMÍA do IES Brion establece o seguinte plan de traballo para o alumnado con materias pendentes:

1)PROBAS PARCIAS

O alumnado poderá superar a materia suspensa realizando 4 probas ao longo do curso. Terá que ter un mínimo de 5 en cada unha das probas. Se supera todos os parcias terá superada a materia pendente.

PRIMEIRO EXAME: finais xaneiro-3 temas

SEGUNDO EXAME: 28 febrero-3 temas

TERCEIRO EXAME: 28 marzo-3 temas

CUARTO EXAME: 28 abril-3 temas

2)PROBA FINAL MAIO

O alumnado que suspenda ou non se presente a algúns dos parcias, poderá facer unha proba final en maio. Nesta proba so terá que recuperar aqueles parcias non aprobados ou aos que non se presentou.

O resto dos departamentos non teñen alumnado con pendentes.